



Concello de Mugarodos

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá

José Miguel Mahía Prados

(Delegación da Alcaldía: R.A. 536/2021 de 24.05.2021).

Asunto: Adhesión ao Convenio coa Federación Española de Municipios e Provincias, en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais.

Visto que con data 18 de marzo de 2021, a Axencia Tributaria e a FEMP subscribiron o «Convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recaudatoria coas Entidades Locais.»

Visto que por Resolución de 26 de marzo de 2021, da Dirección do Servizo de Planificación e Relacións Institucionais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, publícase o Convenio coa Federación Española de Municipios e Provincias, en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recaudatoria coas entidades locais (BOE Nº80, de 3 de abril de 2021).

En virtude da delegación de competencias prevista na Resolución da Alcaldía núm. 536/2021, de 24.05.2021, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adherir ao Concello de Mugarodos ao «Convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recaudatoria coas Entidades Locais.», mediante a subscrición ao acto de adhesión que consta como Anexo II do BOE nº80, de 3 de abril, e que consta no expediente.

Segundo.- Que mediante a subscrición ao acto de adhesión, o Concello de Mugarodos, expresa a súa vontade de adherirse a devandito Convenio, e acepta de forma incondicionada a totalidade das súas cláusulas en canto lle sexa de aplicación.

Terceiro.- A adhesión ten efectos desde a data de inscrición da presente acta no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, previa firma, e perdurará durante o periodo de vixencia do citado convenio.

Cuarto.- Así mesmo, o Concello de Mugarodos declara baixo a súa responsabilidade que a súa política de seguridade da información réxese polo disposto no Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos digitais e, no caso de que se utilicen infraestructuras de terceiros, pola Resolución de 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Protocolos de intermediación de datos, polo que se garante que todos os suministros de información que se soliciten ao amparo do Convenio rexeranse pola citada normativa.

Quinto.- Nomear como interlocutor único para o desenvolvemento das funcións previstas no Convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información tributaria e





Concello de Mugardos

colaboración na xestión recaudatoria coas Entidades Locais, á funcionaria Mercedes Ocampo Santiago, tesourería-contable do Concello de Mugardos.

Sexto.- Asinar a acta de adhesión ao convenio e proceder ao seu envío á Axencia Estatal da Administración Tributaria por conduto da Federación Española de Municipios e Provincias.

Sétimo.- Notificar ou presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

Mugardos, asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.



Cod. Validación: A7MLA9TQY3ZSMP6WXSZ2TIPAR | Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2